



Campamento de Nadal
Eco-friendly Christmas
2023 – 2024
San Agustín & Lorca Institute

Semana 1

Do 26 ao 29 de decembro

26 de decembro

09:00 – 10:00

Benvida. Presentámonos e realizamos diferentes actividades para romper o xeo e ir coñecendo ao grupo.

- *Ruleta das preguntas*
- *Find someone who sobre Santa Claus*
- *Hot potato*

Preparamos uns adornos do Nadal para decorar a aula con materiais reciclados.



10:00 – 11:00



Christmas cookies workshop. Preparamos unhas galletas do Nadal de aproveitamentos, con froitos secos, avea ou plátano. Primeiro, completamos a ficha, co vocabulario dos ingredientes e os pasos da receita. Despois, imos á cociña para preparar unhas riquísimas galletas. Por último, limpamos todo mentres escoitamos panxoliñas en inglés.

11:00 – 12:00

O muro dos desexos. Facemos un mural para o aninovo e cada alumno escribe un desexo para o 2024.



12:00 – 13:00

Happy New Year's postcard

Escribimos e decoramos unha postal para desexar un feliz ano á nosa familia.

13:00 – 14:00

Reading: A Christmas Carol

Lemos a primeira parte do conto de Charles Dickens *A Christmas Carol*. Vemos o vídeo e recreamos os diálogos en clase

27 de decembro

09:00 – 10:00

Aprendemos sobre outras tradicións do Nadal e de fin de ano doutras culturas

Reading: Christmas Traditions Around the World & follow up questions.



10:00 – 11:00

British Christmas crackers. Nesta manualidade, reutilizamos uns rolos de papel hixiénico e preparamos a nosa propia versión destes pequenos agasallos con dentro unha mensaxe para un compañeiro.

Role-play. Convertémonos en actores! Eliximos unha tarxeta e representamos a situación do Nadal divertida

practicando o vocabulario que estamos a aprender. Aproveitamos obxectos cotiáns e darémoslles unha nova vida.

11:00 – 12:00

Visita ao belén da Catedral de Santiago.

12:00 – 13:00

Cupcakes do Nadal. Decoramos unhas madalenas do Nadal. Primeiro, completamos a ficha, co vocabulario dos ingredientes e os pasos da receita. Despois, imos á cociña para preparar a receita. Por último, limpamos todo mentres escoitamos panxoliñas en inglés.

13:00 – 14:00

Christmas Trivia Quiz. En equipos, respondemos a unha serie de preguntas sobre o Nadal.

28 de decembro

09:00 – 10:00

Christmas Bingo. Repasamos os números e o vocabulario cun bingo do Nadal.

10:00 – 11:00

Christmas sing along + coreography. Aprendemos unha canción do Nadal, analizamos o seu significado e realizamos unha divertida coreografía.

11:00 – 12:00

Sesión de xogos en grupo:

The Guilty Elf. Neste xogo, un dos elfos perdeu os agasallos. Os alumnos terán que resolver as pistas para atopar ao culpable.

Christmas Story Recall. Un xogo para adestrar a memoria e construír entre todos unha historia do Nadal utilizando a información presente nas tarxetas.

Pin the Nose on the Reindeer. Un xogo para repasar as preposicións, as descrições e as partes do corpo.

12:00 – 13:00

Reading & Writing: Ask Santa. Nesta actividade aprenderemos a pedir e dar consellos sobre o medioambiente coa axuda de Papá Noel.

13:00 – 14:00

Song. Divertímonos cunha pequena sesión de karaoke! Xuntos completamos a letra e cantamos a canción *Jingle bell rocks*.

29 de decembro

9:00 – 10:00

The most important moments of 2023. Cada alumno trae unha foto que represente un dos momentos máis importantes de 2023 e descríbea diante da clase.

10:00 – 11:00

It's game time. Sesión gratuíta de xogos en equipo na tenda EscondiT.

11:00 – 12:00

Chocolatada. Despedimos o 2023 preparando xuntos un chocolate quente.

12:00 – 13:00

Reading: Chinese New Year. Facemos un exercicio de comprensión do texto sobre a celebración do aninovo en China e a continuación construimos uns faroliños de papel como os típicos desta celebración.



13:00 – 14:00

Song. Happy New Year (ABBA). Completamos a letra e cantamos xuntos a canción.

Semana 2

Do 2 ao 5 de xaneiro

2 de xaneiro

9:00-10:00

Experimento. DIY bath bombs. Preparamos unhas bólas efervescentes para o baño que poderemos regalar aos nosos familiares para Reyes.

10:00-11:00

Manualidad. Holidays diorama. Utilizamos caixas e cartóns reciclados para representar unha escena do Nadal e presentámola diante dos compañeiros.



11:00 – 12:00

Winter scavenger hunt. Iremos ao parque para observar todos os elementos presentes na natureza durante o inverno. Cantos elementos da nosa lista somos capaces de atopar no parque? (flores, insectos, paxaros, arboles, etc...)

12:00 – 13:00

Hot drink. Como aproveitar a froita que temos en casa e que non se estrague? Facendo unha infusión! Á volta do parque, preparamos unha bebida sa e quente a base de mazá e canela. Completamos a ficha da receita que nos levaremos a casa.

13:00 – 14:00

Song. Completamos a letra da canción *White Winter Hymnal*, un himno ao inverno, traballamos o vocabulario e cantamos xuntos.

3 de xaneiro

09:00 – 10:00

Christmas mime. Neste xogo, os alumnos collerán unha tarxeta e terán que imitar unha acción relacionada coas festas do Nadal (por exemplo, facer un boneco de neve, cantar unha panxoliña, envolver un agasallo etc.), e os seus compañeiros de equipo terán que tentar adiviñar.

10:00 – 12:00

Visita ao mercado de Abastos. Realizaremos dúas actividades:

Reporters. Visitamos o mercado de Abastos e entrevistamos os vendedores para saber máis sobre a comida que máis se consome durante as festas, descubrir receitas tradicionais de Santiago e algunhas anécdotas divertidas: de onde vén, como se elabora etc. Antes de saír, en equipos, os alumnos deben propoñer dúas preguntas. Unha vez terminadas as entrevistas, volvemos a clase e escribimos a entrevista en inglés.

Find the hidden objects. O profesor preparará unha lista de enigmas e obxectos que os alumnos, divididos en equipos, deberán atopar “escondidos” no mercado.

12:00 – 13:00

Winter origami. Facemos unha pequena actividade de papiroflexia para facer un floco de neve, unha estrela ou un cristal de neve.

13:00 – 14:00

Song. Completamos a letra da canción *Winter Wonderland*, moi típica das festas, traballamos o vocabulario e cantamos xuntos.

4 de xaneiro

09:00 – 10:00

Christmas Word Puzzle. Neste xogo de vocabulario, os alumnos compiten para escribir 20 palabras do Nadal emparellando números con letras para descifrar o código secreto.

10:00 – 12:00

Saída programada. Programamos unha saída cultural/solidaria (por exemplo unha actividade gratuíta do programa Nadal non Gaiás ou coa Cociña Económica, Cruz Vermella ou outra entidade).

12:00 – 13:00

Mini Gynkana do Nadal no ximnasio. Organizamos un percorrido de xogos e actividades:

Carrera de sacos de Santa Claus: Os nenos compiten nunha carreira de sacos.

Carrera de renos: Os nenos poden "converterse en renos" atándose un globo inflado na perna. Logo, deben tratar de facer explotar os globos dos demais mentres evitan que explote o seu.

Limbo do Nadal: Colocamos unha barra de limbo e deixamos que os nenos tenten pasar por baixo sen tocala mentres soa música do Nadal.

Baile da cadeira do Nadal: Do mesmo xeito que o xogo de cadeiras musicais, pero con cadeiras decoradas con temática do Nadal e música do Nadal de fondo.

Pictionary do Nadal: En equipos, os nenos xogan ao Pictionary con palabras ou frases relacionadas co Nadal.

13:00 – 14:00

Rudolph Punch for Kids. Preparamos a receita desta bebida festiva inspirada nun dos renos de Papá Noel.

5 de xaneiro

09:00 – 10:00

Write a letter. Este xogo do Nadal pódese utilizar para repasar vocabulario e tradicións do Nadal. No xogo, os estudantes compiten para proporcionar palabras co fin de completar unha carta de Nadal.

10:00 – 11:00

Receita. White bears cupcakes. Preparamos unha receita de inverno decorando unhas madalenas.



11:00 – 12:00

Procura do tesouro. Os alumnos terán que resolver unha serie de enigmas para atopar un agasallo escondido no colexio, que ao final compartirán entre todos.

12:00 – 13:00

Song. Completamos a letra da canción *We three kings* sobre os Reis Magos, traballamos o vocabulario e cantamos xuntos.

13:00 – 14:00

Entrega de “Premios”. Agradecemos a todos os alumnos a súa participación e despedímonos entregándolles uns “diplomas” baseados en diferentes valores: O máis solidario, o máis xeneroso, o máis amable etc. Todos os alumnos recibirán un.